



Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



# CAMPOLONGOTECA

LIÑAS PRIORITARIAS NA BIBLIOTECA

CEP CAMPOLONGO

CURSO 2016-17

## ÍNDICE

- 1- Organización e xestión
- 2- Dinamización e promoción dos recursos da Biblioteca, a súa integración no currículo e a súa contribución a desenvolvemento das Competencias Básicas do alumnado.
- 3- Formación de usuarios e educación para o acceso á información.
- 4- Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro
- 5- Obxectivos do Plan Lector
- 6- Outras actuacións
- 7- Criterios e procedementos de avaliación
- 8- Persoa responsable Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio. Horario previsto.

## **1.- Organización e xestión**

- Tratarémos de facer un **lixeiro expurgo** dos fondos existentes para ampliar o espazo.
- Intentaremos de mellorar a altura dalgúns estantes para que o alumnado poida visualizar mellor todos os libros.
- Formarase a todo o profesorado do centro, voluntariamente, para a utilización da Biblioteca en todas as súas tarefas.
- Organizarase a colaboración do alumnado voluntario implicándoo en todas as tarefas posibles.
- Asinarase un “compromiso” do alumnado voluntario xunto a un **elemento identificativo** para que os usuarios os recoñezan cando están realizando as súas funcións.
- Buscarase un xeito máis áxil na catalogación dos libros onde hai moitos na súa CDU.

## **2.- Dinamización e promoción dos recursos da Biblioteca, a súa integración no currículo e a súa contribución a desenvolvemento das Competencias Básicas do alumnado**

Seguiremos coas actividades de dinamización e promoción contempladas nos Proxectos anteriores: Mochila viaxeira, contacontos, Traballos específicos, Celebracións, Exposicións, etc. E por suposto integrando aqueles que xurdan relacionados coa mesma, e que sexan viables e suxerentes, como por exemplo “O xadrez na biblioteca”. Tendo en conta que a biblioteca funciona como un espazo aberto a comunidade educativa, e está totalmente integrada na vida cotián do centro, figurando en todos os documentos do mesmo (PEC, PCC, PXA) como un servizo permanente de recursos e formación para apoiar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O que se pretende, é a utilización da biblioteca escolar como un recurso fundamental de investigación, neste sentido fomenta a aprendizaxe ao longo de toda a vida e ten que xogar un papel primordial na contribución do desenvolvemento das competencias básicas, tanto no tratamento da información como no fomento á lectura, para que se poida facilitar o traballo nas áreas e materias do currículo.

## **3.- Formación de usuarios e educación para o acceso á información.**

Seguiremos coas actividades de deseño de formación de usuarios e difusión do fondo documental segundo os Proxectos dos dous cursos anteriores. Iniciamos a formación de usuarios asistindo cada titor cos seus alumnos e alumnas unha hora a semana a biblioteca e facer propostas de actividades para conseguir usuarios autónomos.

#### **4.- Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro**

En canto ó fomento da lectura seguiremos coas actividades por trimestres con un tema monográficos en cada un deles

#### **5.- Obxectivos do Plan Lector**

- Incluir nos documentos institucionais as actuacións previstas para mellorar no alumnado a adquisición dunha adecuada competencia lectora e para fomentar o hábito lector.
- Prever as dificultades de lectura e escritura.
- Implicar ao conxunto das áreas na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora de todo o alumnado.
- Contar con un plan estruturado e sistematizado para a ensinanza da lectura en todas as áreas.
- Establecer, no marco da programación de cada unha das áreas, as estratexias metodolóxicas que se consideren idóneas para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito lector.
- Determinar a diversidade de tipos de texto, xéneros textuais e/ ou situacións de comunicación para as que se quere desenvolver a competencia lectora.
- Garantir unha boa utilización dos recursos.
- Implicar ás familias.
- O horario no centro do Plan Lector é: 12:00-12:20 h.

## 6.- Outras actuacións

Actividades que se prevén facer o próximo curso a través dos

“BIBLIOENREDOS DE XAFI”:

- “ **Presentacións** feitas polos alumnos e alumnas”
- “ Pequenos “**traballos por proxectos**” propostos polos alumnos/as
- “ **Cine documental**”. Buscar curtas para poñer unha ó mes durante o curso.
- “ **Libros recomendados**” polos alumnos e alumnas.
- “**Recreos literarios**”: Faremos a lectura dun conto un día á semana na hora do recreo, para os nenos e nenas que queiran escoitalo, nun espazo que hai na entrada da biblioteca ambientado para esta actividade.
- “**Falamos do libros**” Xafi pedirá aos nenos/as que escriban comentarios dos libros que len e os depositen na súa caixa de correos. Unha vez recollidos expoñerémolos na biblioteca para que os poidan ler os demais .
- “**Exposicións temáticas**” : Ao longo do curso temos pensado facer exposicións de libros relacionados con personaxes o acontecementos importantes a nivel mundial, así como outros relacionados con diferentes celebracións (Magosto, Día da muller traballadora, Día da Paz...) ou con algún proxecto específico que queiramos levar a cabo cos nenos/as.
- **Recuncho do xadrez**. Buscar un par de mesas para as actividades que se organicen deste xogo ou para xogo libre.
- **Día da Formación dos Usuarios**. Segundo as necesidades ou peticións do alumnado, buscar un día para formación dos mesmos: programas informáticos, creacións de xogos (Brincaletras, Edilim .... ), mínimo durante un trimestre.
- **Mercadiño Solidario** no que se levará a cabo un intercambio de libros, marcapáxinas ... que aportaría a biblioteca por material escolar que traerían os nenos e que sería destinado a unha O.N.G.

### **Continuar con:**

- **“Valores”**: Pretendemos sensibilizar á comunidade educativa, á través dos libros, da importancia da educación en valores como a cooperación, solidariedade, tolerancia, respecto..
- **“ Presentacións das novidades”** por parte do alumnado.
- **“ Lectura o aire libre” - Teatro.**
- **Caixa de correos** da correspondencia con Xafi, a mascota da biblioteca.
- **Celebracións :**
  - Día Internacional das bibliotecas escolares
  - Participación no Salón do libro
  - Día da Paz e non violencia (DENEPE)
  - Abril dos libros
  - Letras galegas
  - Proxectos Escolas Asociadas UNESCO : Proxecto Atlántico, Ano Internacional das Legumes, 2016 Ano Internacional do Entendemento Global (IYGU)
  - Mochila viaxeira.

## **7.- Criterios e procedementos de avaliación**

A avaliación realizarase na reunión mensual do equipo de biblioteca, para ver o grao de consecución dos obxectivos e o desenvolvemento das actividades programadas, tomando como criterios : a xestión, funcionamento, a temporalización das actividades levadas a cabo, a implicación dos profesores, a participación da comunidade educativa, e o seguimento do Plan Lector, introducindo as modificacións que se consideren oportunas.

## **8.- Persoa designada como responsable/dinamizadora da Biblioteca Escolar. Equipo de apoio. Horario :**

A persoa designada como responsable/dinamizador é: Don Antonio Ferrer Moreira.

O equipo será nomeado nun claustro a celebrar no mes de setembro.

E o posible horario (no mes de setembro temos que adaptalo o horario xeral do centro) é:

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	4D Fernando	6ºD Alicia	Dispoñible para o seu uso	2ºC Silvia	6ºA Marisol
2ª	3ºD Mª Carmen	1ºA Estefanía	Dispoñible para o seu uso	1ºC Vivian	5ºA Miguel
3ª	Dispoñible para o seu uso	5ºD Pirucha	3ºA Ángela	6ºC Marisa	5ºC Puy
<b>Recreo Gardas</b>	<b>Nito Reyes</b>	<b>Mabel Sira</b>	<b>Nito Carmela</b>	<b>Mabel Mª Carmen</b>	<b>Mabel Nito</b>
4ª	4ºA María	6ºB Conchi	4ºB Carmela	5ºB Xabier	1ºB Reyes
5ª	4ºC Sira	3ºC- María	3ºB Cecilia	2ºA Maite	2ºB Esther

Sendo o horario do Plan Lector de 12:00 a 12:20 todos os días.

Pontevedra, 15 de xuño de 2016

O director do centro:

O responsable da Biblioteca:

Asd. José Manuel Sánchez Moure

Asdo. Antonio Ferrer Moreira